



O PSdeG de Lugo lamenta que os datos do paro “seguen a amosar o derrumbamento dos sectores produtivos”

Os socialistas valoran que “haxa 252 persoas máis na provincia que puideran traballar no último mes” pero destacan que “lamentablemente é unha mellora coxuntural no sector servizos” ante “a total ausencia dun proxecto de futuro para Galicia e para a economía da provincia”

O PSdeG de Lugo valora que o paro descendese en 1.336 persoas no mes de marzo en Galicia, 252 delas na provincia lucense, pero apunta que “lamentablemente os datos fan pensar nunha pequena mellora só coxuntural, centrada no sector servizos por Semana Santa”, e que “os sectores produtivos e estruturais como a agricultura, a gandeiría ou a pesca seguen a derrumbarse”, o que demostra a “total ausencia dun proxecto de futuro para Galicia e para a economía da provincia”, como apunta o deputado e secretario de organización do partido en Lugo, Carlos González Santín.

O socialista destaca tamén a “alarmante situación do desemprego” en Galicia e en Lugo, que “se agravou” no último ano, con case 15.000 parados máis, o que supón un incremento do 5,2%. “Galicia, e Lugo, veñen de vivir baixadas moi importantes no número de traballadores, incluso por riba da media do Estado, polo que haberá que ver os datos dos vindeiros meses para saber se esta situación, de gravidade histórica, empeza a estabilizarse por simple estatística, porque as políticas de impulso do emprego do Goberno do Estado e da Xunta son inexistentes”, critica González Santín. O socialista lembra os recortes do Goberno de Feijóo en promoción de emprego, con 401 millóns de euros menos de investimento con respecto a 2009, e cunha rebaixa de 137 millóns, un 40,4 % menos, en relación ao ano pasado, “cando asistimos ao maior volume de **paro** en Galicia”.

Lugo, 2 de abril de 2013